

Presidente da Xunta de Galicia

Presidente de Cegasal

Presidente do Parlamento de Galicia

Delegado do Goberno en Galicia

Conselleiras, Conselleiros

Alcaldesa de Lugo

Representantes empresariais, asociacións e medios de comunicación

Non hai moitos episodios na historia recente de Galicia coa importancia da traxectoria de Cegasal. Un camiño de 25 anos liderando a inserción laboral das persoas con discapacidade, unha cuestión absolutamente transcendental no desenrolo dun país moderno. Porque non deberíamos nin imaxinar unha Galicia na que milleiros de persoas queiran e poidan traballar, pero non o consigan por ter capacidades diferentes. Non hai dúbidas: penetrar no mercado laboral é sumarse á sociedade e esa suma fai país. Calculen canta Galicia leva feito dende o ano 1987 a organización presidida por José Antonio Vázquez.

Son moitas as leccións que podemos sacar de Cegasal: a colaboración pública-privada, a súa relación leal con administracións de diferentes signos, a responsabilidade social ou situar as persoas no centro. En momentos como este, coa crise económica derivada da pandemia e o ataque a Ucraína, xorden aquí algunha das actitudes máis importantes que deben impregnar a política actual. Porque Cegasal aborda unha cuestión chave para os que nos dedicamos á vida pública: implementar accións políticas que axuden a nivelar o terreo de xogo. E ao garantir o acceso ao emprego das persoas con discapacidade, estamos contribuíndo a eliminar dun xeito decisivo a borrar diferenzas e brechas sociais, perigoso alimento de rencores e odios.

Aproveito esta ocasión para sinalar que para administracións e empresas galegas é prioritario entender, e asumir, o enfoque inclusivo de Cegasal. Comprender a importancia de que nos seus 32 centros de emprego sen ánimo de lucro non pidan subvencións senón empregos; unha filosofía de servizos a cambio de dignidade. Hoxe suman máis de 1.800 persoas traballando con contratos fixos en 14 tecidos produtivos diferentes -dende o medio ambiente e a artesanía ao transporte ou alimentación- mentres garanten que cada euro de beneficio se reinveste en cuestións formativas ou tecnolóxicas, aspectos prioritarios para avanzar na inserción e capacitación destes colectivos.

Por suposto, o modelo de Cegasal é ben coñecido na Deputación de Ourense. Co primeiro contrato reservado da historia da institución provincial, deseñado coa Lei de Contratos e adxudicado en 2020 a Aspamadis, abrimos un capítulo apaixonante na nosa estratexia social, un motor principal das políticas provinciais trazadas no plan de mandato. O acerto deste movemento refléxase cada día no mantemento de espazos tan emblemáticos de Ourense como o mosteiro de San Pedro de Rocas. Non é paternalismo nin caridade: son feitos. É abrir fiestras pechadas e afondar na igualdade de oportunidades.

A ourensanía constrúese a través de aspectos clave coma a empatía e a sensibilidade. Témolos moi claro, e o amosamos coa nosa implicación na economía social en paralelo á Xunta e a concellos como Lugo ou Carballo. José Antonio Vázquez sempre di que non cre en ideoloxías. El cre nas persoas. As administracións representadas nesta celebración dos 25 anos de Cegasal están gobernadas por tres partidos políticos diferentes. Esta non é unha cuestión partidista, son pasos firmes encamiñados cara a construír unha Galicia máis xusta.

É un orgullo que Cegasal escollera Ourense coma a capital do seu 25 aniversario, precisamente o mesmo ano no que a Deputación cumpre 200. Hai un fío condutor entre as políticas inclusivas e o concello dos concellos, un goberno provincial que encaixa a visión integral e a social do territorio. Por iso esta gala tamén é unha responsabilidade para o futuro, no que xa podemos garantir que irá a máis a alianza da Deputación e Cegasal.

Despois de implicarse en procesos impulsados por este goberno provincial, coma a toma de decisións que levaron á instalación en Ourense do Centro de Innovación de FP Eduardo Barreiros, os novos proxectos de Cegasal, coma formar as mulleres do rural, amosan o seu liderado na empregabilidade dos colectivos con maiores dificultades para acceder ao mercado laboral. Son, sen ambaxes, referencia en toda España.



Un acto como o de este mediodía no Teatro Principal, coa presenza dunha parte sobresaínte da vida política e social galega, con representantes empresariais, patronais e dos medios de comunicación, lembra a importancia desta organización na nosa economía. Tamén amosa que Galicia comeza a coñecer canto ben lle fixo, lle fai e lle fará o modelo inclusivo de Cegasal.

Parabéns a todos os implicados neste fermosísimo proxecto e moita forza para o futuro. Ourense sempre estará con vos.